



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA A XESTIÓN, CONTROL E USO COMPARTIDO DE INFRAESTRUTURAS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA

En Santiago de Compostela, a un de xuño de dous mil dezaseis

REUNIDOS:

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas (en diante, AXI) adscrita á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D^a. María Seguí Gómez, Directora Xeral do Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico (en diante "DXT") adscrito ao Ministerio de Interior, cargo para o que foi nomeada por Real Decreto 313/2012, do 3 de febreiro (BOE do 4 de febreiro de 2012).

Ambas as partes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica bastante para a celebración do presente convenio de colaboración, acordan levalo a efecto e, a tal fin,

EXPOÑEN:

I. Que a DXT, en virtude do disposto no artigo 6.1 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, exercerá as competencias atribuídas ao Ministerio do Interior en materia de vixilancia, regulación, xestión e control do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías, nos termos establecidos polo seu artigo 5.



O seu artigo 6.2 establece que, para o exercicio destas competencias, así como para a denuncia de infraccións ás normas contidas nesta lei e para os labores de protección e auxilio nas devanditas vías públicas ou de uso público, actuarán de acordo co que regulamentariamente se determine, as Forzas da Garda Civil, especialmente a súa Agrupación de Tráfico que, a estes efectos, depende especificamente da Xefatura Central de Tráfico.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída, en virtude do seu Estatuto de Autonomía, a competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no seu propio territorio. Esta competencia exercea a través da AXI segundo se dispón nos estatutos aprobados polo Decreto 173/2011 e a tal fin correspóndelle á Axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en devanditas infraestruturas.

III. Que a DXT, para o exercicio das competencias indicadas no apartado I, instalou Sistemas Intelixentes do Transporte (en diante SIT) en parte das vías de alta capacidade e estradas convencionais, de titularidade estatal e autonómica. Dispón do Centro de Xestión do Tráfico situado na Coruña, cuxo ámbito de actuación comprende as catro provincias que configuran a Comunidade Autónoma de Galicia.

IV. Que, para a xestión, control e mellora da Seguridade Viaria, a Xunta de Galicia, a través da AXI, instalou equipos SIT en parte das estradas da súa titularidade.

V. Que a DXT e a AXI subscriben o presente convenio de colaboración ao amparo do establecido na lei 30/1992 de 26 novembro, de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

A DXT e a AXI comprométense a colaborar conxuntamente na mellora da seguridade viaria das estradas de titularidade da Xunta de Galicia, levando a cabo todas as actuacións que sexan precisas para alcanzar o devandito obxectivo.



A tal fin subscribirán, en cada caso, os convenios de colaboración que fosen necesarios para materializar o contido do presente convenio, en función das necesidades propias de cada actuación.

No caso das estradas de titularidade autonómica explotadas en virtude dun contrato de concesión de obra pública ou a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI), os convenios de colaboración previstos no apartado anterior serán subscritos ademais, polas sociedades concesionarias titulares das devanditas concesións ou SPI.

SEGUNDA. Obrigas das partes

1. A AXI cederá á DXT os seguintes SIT: paneis de mensaxe variable, cámaras de vixilancia e control do tráfico e estacións meteorolóxicas. O alcance da devandita cesión, así como o intercambio de datos e información, definirase de forma concreta en cada un dos convenios de colaboración previstos nos apartados anteriores.
1. A DXT suministrará á AXI a información obtida polos equipos SIT, imaxes de televisión, datos das variables do tráfico, datos das variables meteorolóxicas, sinalización dos paneis de mensaxe variable, instalados en estradas de titularidade autonómica así como dos instalados nas proximidades das mesmas que poidan achegar información relevante para a explotación das estradas autonómicas.
Dita información presentarse na forma que se defina entre ambas as partes para unha xestión eficaz e eficiente.
2. A DXT comprométese ao mantemento, nos termos que se definan en cada un dos convenios de colaboración, dos equipos cedidos pola AXI. Así mesmo, comprométese a realizar o mapa térmico das vías de titularidade autonómica nas que existan equipos SIT e a xerar a predición de formación de xeo en calzada nos períodos anuais de Vialidade Invernal, co fin de lograr unha mellora notable da Seguridade Vial.
3. A AXI e a DXT comprométense a compartir as instalacións propiedade de ambas existentes nas estradas, canalizacións, cables de fibra óptica e todas as que fosen necesarias para o correcto funcionamento dos sistemas SIT, a condición de que sexan para uso público de calquera das Administracións asinantes, sen ánimo de lucro.
Calquera actuación sobre as infraestruturas dunha das Administracións asinantes deberá ser autorizada explicitamente pola outra Administración asinante.
4. O presente convenio non terá repercusión económica para a DXT nin para a AXI.
5. Ambas as partes comprométense a colaborar cos medios técnicos e humanos necesarios, co fin de solventar calquera problema que puidese xurdir derivado da execución do presente convenio.



TERCEIRA. Comisión de seguimento

A AXI e a DXT crearán unha Comisión de Seguimento do presente convenio, formada por dous representantes da DXT e dous representantes da AXI.

As funcións da devandita comisión serán o seguimento do presente convenio e dos diferentes convenios de colaboración que poidan subscribirse ao amparo do mesmo, así como resolver calquera problema que puidese xurdir da súa interpretación.

A comisión deberá quedar constituída no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte á firma do presente convenio.

O seu funcionamento, no non previsto polo presente convenio, acóllese ao disposto sobre órganos colexiados, no Capítulo II do Título III da Lei 30/1992, do 26 de novembro, publicada no BOE do 27 de novembro de 1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

CUARTA. Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e subscríbese ao amparo do establecido na Lei 30/1992 de 26 novembro, de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e especificamente no seu artigo 6.4, así como de conformidade co disposto polo artigo 4.1.c do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), quedando excluído do seu ámbito de aplicación.

Con todo, conforme ao artigo 4.2 do TRLCSP, aplicaranse os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, así como as demais disposicións que resulten de aplicación.

Serán competentes os Tribunais da orde xurisdiccional contencioso administrativo para resolver os litixios que puidesen xurdir, e que non puidesen resolverse pola Comisión de Seguimento que se estableza, sobre a interpretación, cumprimento, extinción, resolución e efectos do presente convenio.



QUINTA. Rexistro de Convenios

A firma deste acordo supoñerá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao acordo, de conformidade co artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, publicada no BOE do 19 de agosto de 2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, publicado no DOG do 3 de agosto de 2006, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA. Entrada en vigor e vixencia.

O presente convenio entrará en vigor no momento en que se subscriba e terá un período de vixencia de 5 anos, prorrogable tácitamente por períodos anuais, se non se produce denuncia expresa do mesmo por algunha das partes formulada cunha antelación mínima de 4 meses á terminación do prazo inicial ou da súa prórroga. En todo caso quedará extinguido cando se produza algún dos seguintes supostos:

- a. No caso de que as instalacións sexan retiradas ou deixen de cumprir os fins para os que foron proxectadas.
- b. No caso de incumprimento total ou parcial de calquera das dúas partes, das cláusulas contidas no presente convenio, previo requirimento por escrito da parte contraria.

E en proba de conformidade co contido do presente convenio xeral, as dúas partes asinan catro exemplares do mesmo, dous orixinais en galego e dous en castelán, no lugar e data que se indica ao principio.

A DIRECTORA XERAL DE TRÁFICO

A PRESIDENTA DA AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS

María Seguí Gómez

Ethel María Vázquez Mourelle